

1º ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL – 3º ESO

2024/2025

Unidades didácticas

UD 1. Tratamento da información: Dedicaremos esta unidade ao manexo de diversas fontes de información para a realización de tarefas ou proxectos de investigación sobre temas curriculares e outros aspectos vinculados á realidade socio-histórica, lingüística, literaria e cultural.

UD 2. Comprensión e expresión oral: Dedicarase a presente unidade á comprensión e creación de textos orais planificados segundo os moldes xenéricos aos que pertencen e construídos dun xeito cohesionado, coherente e adecuado ao contexto.

UD 3. Comprensión e expresión escrita: A presente unidade didáctica está destinada ao desenvolvemento dunha comprensión escrita eficaz por parte do alumnado. Para iso, realizaranse tarefas que impliquen: captar o sentido global dun texto e a información máis relevante en función do propósito de lectura e do contexto no que este se produce, realizar as inferencias necesarias, formular hipóteses arredor da súa intención comunicativa, e reflexionar sobre a súa forma e contido.

UD 4. Linguaxe e comunicación: Dedicarase esta unidade ao estudo e aplicación da comunicación como o medio de comprender e construír mensaxes dialóxicas, empregando rexistros distintos dentro dunha mesma lingua ou incluso idiomas diferentes.

UD 5. Reflexión sobre a lingua: A presente unidade está dedicada á reflexión metalingüística co fin de que o alumnado acade unha mellor comprensión e interpretación crítica das producións alleas e constrúa os textos propios atendendo aos criterios de coherencia, cohesión e adecuación.

UD 6. Educación literaria: O propósito desta unidade reside na aproximación do alumnado a unha autonomía lectora como fonte de gozo e medio de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

UD 7. Sociedades, territorios e retos do mundo actual: Dedicarase esta unidade didáctica ao estudo da transformación humana do territorio e á distribución desigual dos recursos e o traballo; á análise do espazo natural, rural e urbano en Galiza e España e dos sectores produtivos derivados da Unión Europea.

Criterios de cualificación, avaliación e recuperación

Criterios de cualificación

- 50%: Media aritmética de DÚAS PROBAS escritas a desenvolver en cada trimestre, tendo semellante peso cualitativo e mesma estrutura e forma.
- 50%: Media aritmética das diversas actividades, exercicios e tarefas avaliativas a desenvolver na aula e na casa.

O resultado acadado corresponde nun 75% aos primeiros 5 bloques de contidos centrados nas materias de Ciencias Sociais, Lingua e Literatura Castelá e Lingua e Literatura Galega e o 25% restante ao bloque 6 de Comunicación en Lingua Estranxeira que se organizará da forma que vos indique a docente de Lingua Inglesa.

Criterios de avaliación e recuperación

- A nota do trimestre será a suma dos resultados obtidos en cada un dos instrumentos de avaliación, así como a nota final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións ordinarias.
- A cualificación a reflectir nos expedientes do alumnado será en números enteiros, polo que, no suposto de existiren decimais nas notas primixenias, aquelas cualificacións que teñan un 5 ou máis como primeiro decimal, serán redondeadas cara arriba. No seu oposto, serán redondeadas cara abaixo.
- No suposto de que un alumno ou alumna non acade o 4,5 como nota media final nunha avaliación, terá que realizar unha proba escrita ao inicio de cada trimestre de todos os contidos da avaliación, sendo o valor da mesma o 100% da nota.
- O alumnado que suspenda máis dunha avaliación tras non superar a primeira recuperación, terá que realizar unha recuperación final que suporá o 100% da nota final global. Da mesma forma, se algún alumno ou alumna non chega ao 4,5 na nota media final trala cualificación das tres avaliacións, deberá facer a proba final devandita cos contidos non superados pertinentes.
- Finalmente, aquel alumnado que sexa observado copiando nalgunhas das probas escritas terá un 0 nesa proba.

Estrutura xeral dos exames

As dúas probas escritas a desenvolver cada avaliación no concerne aos bloques de contidos de Ciencias Sociais, Lingua Castelá e Lingua Galega terán unha estrutura semellante e equitativa en canto ao peso de cada un dos tres ámbitos.

Esquema xeral dos exames

- DOUS exercicios de ciencias sociais (3 puntos: 1,5 puntos cada un deles).
- DOUS exercicios de expresión escrita, gramática, vocabulario e/ou literatura xeral en lingua galega (3 puntos: 1,5 puntos cada un deles).
- DOUS exercicios de expresión escrita, gramática, vocabulario e/ou literatura xeral en lingua castelá (3 puntos: 1,5 puntos cada un deles).
- Definición de CINCO conceptos lingüísticos e históricos (máximo DÚAS LIÑAS por termo) (1 punto: 0,2 puntos cada definición).